DEPUTACIÓN DE LUGO

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación desde o día 22-10-2026 ata a día 06-11-2026
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA
P.D.

**D E C R E T O**

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Por acordo da Xunta de Goberno do 28.08.2026, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de ATS/DUE, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 201, do 03.09.2026).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) así como no taboleiro de anuncios da entidade o 16.10.2026

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de ATS/DUE da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado proponse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, Resolva:

**1º.-** Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de ATS/DUE, grupo A – subgrupo A2, aprobando a inclusión das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

| Nº ORDE | APELIDOS E NOME | CUALIFICACIÓN |
|---|---|---|
| 1 | GIL FERNÁNDEZ, NOEMÍ | 29,0625 |
| 2 | ÁLVAREZ CARRO, CRISTINA | 28,1875 |

2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV77QED5JVGISW5JYVEXM7RGD4 | Fecha y Hora | 21/10/2026 14:18:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QED5JVGISW5JYVEXM7RGD4 | Página | 1/2 |

**3º.-** Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na páxina web corporativa da Deputación de Lugo".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

**A PRESIDENTA,**
P.D. Decreto de data 14-01-2026
**O DEPUTADO PROVINCIAL,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: Pablo Rivera Capón

O presente documento estará exposto no Taboeiro de Anuncios desta Deputación
desde o día 22-10-2026
ata a día 06-11-2026
O XEFE DA UNIDADE DE PORTERÍA E VIXIANCIA

PD


| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV77QED5JVGISW5JYVEXM7RGD4 | Fecha y Hora | 21/10/2026 14:18:28 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | PABLO RIVERA CAPÓN | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77QED5JVGISW5JYVEXM7RGD4 | Página | 2/2 |